



Paraíso
entre ríos

PADERNE XUÑO 2016

INFORMACIÓN MUNICIPAL

Mostra do Branco Lexítimo 2 e 3 de xullo

O primeiro fin de semana de xullo, o sábado día 2 e o domingo día 3, vamos a celebrar a terceira **Mostra do Branco Lexítimo** en O Telleiro.

Cita referente na Comarca das Mariñas, o liderazgo de Paderne na posta en valor do **Branco Lexítimo** preséntase como unha aposta decidida por un dos grandes valores económicos do Concello, o viño **Branco Lexítimo**, así como pola confianza depositada no traballo ben feito por parte dos empresarios do sector que están a tratar con mimo este produto, acadando unha calidade digna de competir en calquera mercado.

Nesta ocasión, e avalados polo traballo que entre todos estamos a facer, van a acompañarnos novas adegas que, tanto na Comarca do Barbanza como en Negueira de Muñiz, están a elaborar caldos con esta variedade respaldando así, coa súa confianza, todo o noso esforzo.

Completando o atractivo que xa de por si representa o coñecemento do viño, os visitantes á Mostra van a poder atopar unha representación do sector da alimentación, da maquinaria, da artesanía que os colectivos municipais rea-



lizan, artesanía tamén da comarca, obradoiros de cociña, catas comentadas para os profesionais e amantes do viño, atraccións diversas pensadas para tódalas idades, o concurso de cans do sábado e a exhibición hípica do domingo, ademais dun espazo para comer e así poder pasar estes dous días con comodidade disfrutando da Mostra.

Un acontecemento importante para o noso Concello que desexo compartir con todos contando coa vosa presenza.

O voso Alcalde

Programa de compostaxe doméstica

Paderne incorpórase novamente ó programa de compostaxe doméstica de SOGAMA co obxecto de reducir as emisións de CO2 procedentes da recollida e transporte de lixo proporcionando composteiros a 25 vivendas con terras de cultivo co fin de seguir ampliando a recollida selectiva e o coidado e respecto polo medio ambiente.

O Alcalde presentando a xornada informativa sobre compostaxe doméstica



Antes da Misa dando a benvinda os maiores asistentes á festa

XV Festa de Miores

Celebrouse o último sábado de mes de abril; comezaron os actos ás 13:00 h coas palabras do Alcalde; a continuación a Santa Misa concelebrada polos dous párrocos do Concello e cantada pola Coral Albeiro de Velouzás.

Ó acto de felicitación ós maiores segueulle a comida trala cal se realizou o sorteo de agasallos e se pasaron uns agradables momentos de entretemento e xogos de maxia polas mesas ademais de poder disfrutar dunhas pezas de gaita ofrecida por un grupo de persoas asistentes á festa.

Día das Letras Galegas

Este pasado 17 de maio os poemas de Manuel María escoitáronse no Campo da Escola en Insua, a través das palabras do Alcalde que recitou un deles na súa honra; tamén o Tenente Alcalde fixo un repaso á vida e obra do autor.

No acto estiveron presentes os sons da Escola de Gaitas San Pantaleón e as voces do Orfeón Alcoa-Inespal.

Completouse a xornada coa presentación do libro "Chantada, a aldea da miña infancia".



O Alcalde recordando a figura de Manuel María

Servizo especializado de Podoloxía

Este mes de maio deu comezo novamente o **servizo de Podoloxía gratuíto** para os socios do Centro de Maiores de Paderne co seguinte horario:

- Luns e martes de 10:00 a 17:30 horas
- Mércores de 15:30 a 20:30 horas
- Xoves de 9:30 a 14:00 horas

Poden solicitálo tódalas persoas do Concello con máis de 65 anos ou con máis de 60 se son pensionistas e socios do Centro de Maiores, requisito imprescindible para acceder ó servizo.

Proxecto coidarse (Balneoterapia)

Volve a poñerse en marcha novamente o **Programa de Balneoterapia** no balneario de Guitiriz co fin de proporcionarlles ás persoas maiores os beneficios dos tratamentos termais.

Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne.

As datas nas que se desenvolve o Programa son as seguintes: en Maio o día 25, en Xuño o día 29, en Setembro o día 28, en Outubro o día 26, en Novembro o día 30 e en Decembro o día 21.

Aulas de Conciliación

O Concello de Paderne pon novamente en marcha as **Aulas de Conciliación** que nacen coa necesidade de por a disposición das familias, nas que ambos proxenitores traballen (a excepción de familias monoparentais), un servizo de atención para os seus fillos e fillas, no mesmo horario que o escolar, co fin de colaborar na conciliación da vida laboral e familiar.

Poderán beneficiarse deste servizo aquelas familias con menores de entre 3 (que xa asistan ó colexio no curso actual) e 12 anos empadroados no Concello.

As actividades levaranse a cabo no baixo da Casa do concello dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto e o horario de atención ós menores será de 8:30 a 14:30 horas sendo este horario flexible na primeira e última hora.

Os menores poderán participar na actividade por semanas segundo as necesidades das familias.

Cóntase con 15 prazas por semana que serán outorgadas por rigorosa orde de inscrición, tendo preferencia os menores que vaian a participar os dous meses que dure a actividade.

As inscricións realizaranse nos servizos sociais comunitarios, persoalmente ou ben chamando pro teléfono antes do 15 de xuño.

Desbroce e limpeza de prazas

Ven de poñerse en funcionamento o servizo de desbroce de camiños e limpeza e acondicionamento de prazas públicas en todo o termo municipal.

Con este servizo póñense a punto tódalas prazas públicas das distintas parroquias acondicionando estas instalacións para o seu uso en tempada de verán.

Ademais estase a realizar o desbroce de camiños e ribadas por todo o termo municipal.

Plan Marco

Veñen de aprobarse as obras incluídas no Plan Marco "**Programa de Mellora de Camiños Municipais de Acceso a Explotacións Agrarias 2016**" financiado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

Por un importe total de: **63.549.20 €**, as obras consistirán na "**Mellora do afirmado de camiños nas parroquias de Vigo, Vilamourel, Paderne e Quintas**".

Os camiños que se van a beneficiar destas melloras son os seguintes:

- Na parroquia de Vigo: Camiño de Cela - Pena Redonda - Carballo
- Na parroquia de Vilamourel: Camiño da Igrexa - Medín
- Nas parroquias de Paderne e Quintas: Camiño do Concello - Quintas - Fonte do Batán



Sinatura de Subvención Nominativa na Deputación da Coruña

Este pasado 20 de maio, o Alcalde ven de asinar coa Deputación da Coruña a Subvención Nominativa para "**Instalación de marquesinas para o Concello de Paderne**".

- "**Adquisición e instalación de marquesinas para o Concello de Paderne**" por un orzamento total de **35.626,22 €**, correspondéndolle ó Concello unha aportación de **7.125,24 €**.

O Alcalde na sinatura co Convenio con Xosé Regueira Varela, Deputado responsable da Área de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico da Deputación da Coruña

Mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública

Con un orzamento total de **35.677 €**, vense a realizar a contratación do proxecto de "**Mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública no lugar de Chantada, parroquia de Souto**" solicitado a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ven de recibir unha achega de **23.588,19 €**, correspondéndolle ó Concello unha aportación de **12.088,81 €**.

Estas obras de mellora no alumeadado público supoñen unha importante medida de protección do medio ambiente e de aforro de custes nas prestacións municipais.

Segundo pago das actividades de adultos

Están suxeitas a pago as seguintes actividades:

INFORMÁTICA – CESTERÍA – MANUALIDADES E PINTURA – BAILES DE SALÓN – PILATES – COCIÑA e COSTURA.

As actividades de XIMNASIA DE MANTEMENTO e INGLÉS son gratuítas.

Custo para as actividades dunha hora á semana			Custo para as actividades de hora e media á semana			Custo para as actividades de dúas horas á semana		
Nº actividades	1ª Cota	Total curso	Nº actividades	1ª Cota	Total curso	Nº actividades	1ª Cota	Total curso
1 actividade	27 €	54 €	1 actividade	30 €	60 €	1 actividade	32 €	64 €
2 actividades	49 €	98 €	2 actividades	55 €	110 €	2 actividades	59 €	118 €
3 actividades	66 €	132 €	3 actividades	75 €	150 €	3 actividades	81 €	162 €

Piscina Municipal

O vindeiro día 1 de xullo e ata o 31 de agosto estará en funcionamento a tempada de verán na Piscina Municipal de Paderne co horario de 12:00 a 20:00 horas.

As persoas que desexen facer uso destas instalacións teñen a posibilidade de:

- Realizar un **abono familiar** (só para empadroados no Concello de Paderne). Utilizando esta opción poden usar as instalacións tódalas persoas que figuren na mesma vivenda no padrón municipal durante toda a tempada.
- Realizar un **abono individual**. Dá dereito ó uso das instalacións durante toda a tempada para o titular do abono.
- Aboar entrada diaria (**entrada infantil-entrada adultos**)

Os titulares de abono teñen dereito a asistir ós cursos de natación.



Clausura de actividades

Terá lugar o vindeiro **17 de xuño**; será no local de Quintas ás **20:30 h.** e contará coa asistencia dos monitores que durante este curso 2015-2016 estiveron impartindo os distintos talleres así como das persoas participantes neles.

A oferta deste ano estaba composta por talleres de pintura e manualidades, cestería, informática, bailes de salón, pilates, ximnasia de mantemento e cociña.

Como en anteriores clausuras, algúns dos grupos realizará unha exhibición das habilidades e traballos realizados durante o curso para disfrute de tódolos presentes.

Ó remate, os que o desexen, poden participar da cea-baile que terá lugar nun restaurante da zona. O custe é de **25 €** e o prazo para anotarse é ata o día 13.

Excursión a Bilbao

Será os días **19, 20, 21, 22 e 23** de setembro con hotel, de tres estrelas, na propia cidade. O custe total da viaxe é de 315 €.

Programa previsto:

1º día.- Saída ás **6:00 h** da Casa do Concello en dirección **Bilbao** coas oportunas paradas polo camiño. Chegada ó hotel, no centro da zona comercial da cidade e moi preto do museo de Bellas Artes, do museo Guggenheim e do San Mamés. Comida no hotel.

2º día.- Panorámica de Bilbao con guía oficial subindo ó **Monte Artxanda**. Comida no hotel e, pola tarde, visita a **Portugalete** e **Getxo**, moi preto da capital.

3º día.- Visita ó **Mercado de la Ribera**, en Bilbao. Comida e visita a **Guernika e Museo de la Paz** coa entrada incluída.

4º día.- Seguimos coñecendo Bilbao. Comida no hotel e, pola tarde, visita ó **Santuario de Loyola**.

5º día.- Regreso a Paderne visitando a espectacular localidade de **Frías**, en Burgos, coas súas casas de toba e madeira construídas sobre a gran roca "La Muela" e que parecen formar parte do precipicio.

Ademais de contar con guía acompañante desde a saída de Paderne ata o regreso, contaremos cunha guía oficial que nos vai a mostrar unha panorámica da cidade de Bilbao.

As persoas interesadas teñen ata o 15 de xullo para facer a súa reserva de praza; unha vez confirmada, deben aboar **100 €** durante o mes de xullo e os **215 €** restantes deben ingresalos durante o mes de agosto. Os que desexen habitación individual deben aboar un suplemento de 24 €/noite.

As prazas son limitadas